

¿QUE PODES FACER COMO PROFESIONAL DO ÁMBITO SANITARIO?

✓ **Informar** e **sensibilizar** aos proxenitores (ou familiares que acompañan ao menor á consulta) sobre o impacto da conflictividade nos casos de ruptura de parella.

✓ **Detectar** posibles situacións de risco relacionadas coa ruptura parental e os síntomas que poden presentar os nenos e nenas.

✓ **Derivar** ás familias cara a servizos de apoio especializados ben sexan, intervención psicoeducativa, así como, métodos alternativos para a resolución de conflitos como a mediación extraxudicial).

✓ **Previr** os efectos que o estrés tóxico, produto da ruptura parental na infancia, poida causar a longo prazo na saúde física e benestar psicolóxico.



RESPONSABLES

Dr. José María Martín Sánchez

Catedrático de Pediatría
Universidade de Santiago de Compostela

Dra. Francisca Fariña Rivera

Catedrática de Psicoloxía Xurídica do Menor
Universidade de Vigo

FORMAS DE CONTACTO

Unidade de Psicoloxía Forense
Facultade de Psicoloxía da USC
Tfno. 881-813871
irpes@usc.es

MAIS INFORMACIÓN EN...

www.usc.es/uforense/?q=proyecto-irpes

Universidade de Vigo




Proyecto IRPES (La ruptura parental como factor de estrés tóxico en la infancia. Evaluación del impacto en el estado de salud física y mental de los niños). Financiado por el Instituto de Salud Carlos III en la convocatoria del Plan Nacional 2012 en la Acción Estratégica en Salud (2012-PN208) (Ref.PI12/00604)



Proxecto IRPES

A Ruptura Parental como factor de estrés tóxico e impacto no estado de saúde físico e mental dos nenos e nenas



A RUPTURA DE PARELLA: UN FACTOR DE ESTRÉS TÓXICO

Dende o punto de vista **Ecobiolóxico do Desenvolvemento**, estableceuse unha relación directa entre a exposición prolongada a eventos de natureza negativa e a presenza de estrés tóxico na infancia. Este tipo de experiencias temperás poden alterar o estado de saúde física e mental, así como, influir na conduta e no aprendizaxe a curto e longo prazo (American Academy of Pediatrics, 2012).

A ruptura de parella é un dos eventos vitais máis estresantes na vida familiar. Esta situación introduce unha serie de **cambios funcionais e estruturais** que afectan a tódolos seus membros e, especialmente, aos nenos e nenas que forman parte deste proceso. Con independencia da idade dos fillos e fillas, a decisión que toman os proxenitores tende a producir **estrés nos fillos**. Cando este feito vai acompañado de inestabilidade psicoemocional nos proxenitores, enfrentamento e escasa cooperación parental, este estrés adoita a ser **tóxico, podendo chegar a producir un alto impacto na saúde física dos nenos e nenas (1)**.



10 CONSECUENCIAS NEGATIVAS NOS FILLOS E FILLAS

- ❑ **Sentimentos de culpa.** Con frecuencia os menores séntense responsables da separación dos pais, fundamentalmente, cando non se lles ofrece unha explicación axeitada.
- ❑ **Sentimentos de abandono e rexeitamento.** Os nenos e nenas, especialmente os máis cativos, non entenden por que un proxenitor ten que marchar do fogar; interpretándoo como un abandono ou rexeitamento cara eles.
- ❑ **Sentimentos de frustración.** Os nenos e nenas ven frustradas as súas expectativas dunha familia unida.
- ❑ **Sentimentos de impotencia e indefensión.** Como consecuencia da non participación dos fillos e fillas na decisión tomada polos seus proxenitores, e ademais, de non acadar a súa reconciliación.
- ❑ **Inseguridade.** Como resultado dos sentimentos anteriores.
- ❑ **Ansiedade e depresión.** Os nenos e nenas manifestan tales estados (acompañados incluso de somatización) cando non reciben apoio e comprensión axeitados por parte dos seus proxenitores.
- ❑ **Condutas regresivas.** Retroceso no desenvolvemento que leva a emitir comportamentos de etapas anteriores: enuresis nocturna, chuparse o dedo, trastornos do sono, rexeitamento cara a escola, comportamentos problemáticos, etc.
- ❑ **Comportamento disruptivo.** Patróns de conduta agresiva, violenta e, incluso, antisocial.
- ❑ **Condutas repetitivas.** Algúns menores presentan comportamentos verbais e motrices reiterativos (tics, maneirismos).
- ❑ **Problemas escolares.** O interese polas actividades cotiás (entre as que se inclúen as escolares) pode verse minguido. Do mesmo xeito, a súa capacidade de atención e concentración pode resultar afectada.

OUTRAS SITUACIÓNS DE RISCO

- ❑ **Sobrecarga.** Os nenos e nenas asumen responsabilidades que non corresponden coa súa idade nin madurez.
- ❑ **Alteracións no vínculo paterno e materno filial.** Prodúcese cando un dos proxenitores proxecta unha imaxe negativa do outro co obxecto de que o menor rexeite relacionarse con él e coa súa familia extensa.
- ❑ **Ilusión de reconciliación.** Para a meirande parte dos nenos e nenas, trala ruptura, a reconciliación dos seus pais convértese nunha situación desexada ou esperada.

CONFLICTO PARENTAL VS. COPARENTALIDADE

Existen múltiples factores que poden aumentar ou diminuír o risco de sufrir estes efectos (idade, tempo transcorrido dende a separación, estado psicolóxico dos pais, novas parellas, separación de irmáns, etc). Porén, as **relacións parentais conflitivas** trala separación convértese no seu mellor predictor.

O exercicio da **coparentalidade** supón unha alternativa a esta situación de desprotección; posto que obriga a ambos proxenitores a participar no desenvolvemento e benestar dos seus fillos e fillas en igualdade de condicións.